

Xoves, 11 de maio de 2023

Núm. 90

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

VIGO

Persoal, oposicións

CONVOCATORIA PÚBLICA ABERTA A OUTRAS ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS PARA A PROVISIÓN CON CARÁCTER TEMPORAL E URXENTE EN COMISIÓN DE SERVIZOS DO POSTO XEFE/A NORMALIZACIÓN LINGÜÍSTICA (EXPEDIENTE 42250/220)

ANUNCIO

A Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal, con data 05 de maio de 2023, adoptou o seguinte decreto:

“PRIMEIRO.- Aprobar conforme á orde de inicio de expediente de data de sinatura electrónica, a convocatoria para a provisión temporal en réxime de comisión de servizos, a través dun proceso aberto a todas as administracións públicas, do posto de traballo “Xefe/a Normalización Lingüística”, en situación de vacante, sendo as características do posto as seguintes segundo a Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo:

- denominación: “Xefe/a Normalización Lingüística”
- relación emprego: funcionario/a
- referencia posto: Cod 2250101
- subgrupo de titulación: A1
- nivel de CD: 26
- nivel de CE: 660
- importe anual CE: 24.314,08 euros
- tipo: singularizado.
- escala: AE
- subescala: TS
- titulación requirida: grao en estudos de galego e español en lingua e literatura galegas, en galego-portugués ou licenciaturas equivalentes, ou calquera outro grao ou licenciatura da Área de coñecemento de humanidades ou ciencias sociais e xurídicas segundo o espacio MECES, sempre que se estea en posesión do certificado de lingua galega do nivel 5 (Celga 5)
- Formación Específica: Celga 5.
- FP: Concurso.

SEGUNDO.- Aprobar a tramitación de urxencia do presente procedemento en base ás causas de interese público motivadas nos antecedentes e fundamentos xurídicos da presente proposta.



Xoves, 11 de maio de 2023

Núm. 90

TERCEIRO.- As solicitudes se dirixirán á Excm. Alcaldía-presidente do Concello de Vigo e se presentarán de conformidade coa Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións Públicas e Real Decreto 203/2021, de 30 de marzo, por el que se aproba o “Regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos” e normativa de concordante aplicación.

Os solicitantes deberán posuír a condición de funcionario de carreira e reunir os requisitos establecidos para o desempeño do posto de traballo, nos termos da normativa vixente e segundo a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo. Como queira que os participantes, de conformidade co establecido no artigo 14.2 Lei 39/2015, de 1 outubro teñen a consideración de obrigados a relacionarse a través de medios electrónicos coas Administracións Públicas, deberán presentar a solicitude na sede electrónica do Concello de Vigo, <https://sede.vigo.org/expedientes/sede>; durante un prazo de 5 días hábiles contados dende o día seguinte ao de publicación do anuncio da convocatoria no Boletín Oficial da Provincia.

A solicitude conterá, cando menos, os datos persoais do/da solicitante, dirección, número de teléfono fixo/móbil, enderezo de correo electrónico, xunto cunha copia simple do DNI en vigor. Consultaranse automaticamente os datos referentes ao documento nacional de identidade, sempre que a persoa exprese o seu consentimento, no suposto de que se opoña deberá indicalo na solicitude.

As solicitudes deberán acompañarse ademais, das certificacións e documentos xustificativos dos requisitos exixidos na presente convocatoria, da seguinte documentación:

- Certificación expedida pola Administración de procedencia acreditativa de que o aspirante en cuestión é funcionario de carreira e que reúne os requisitos establecidos para o desempeño do posto de traballo, nos términos da normativa vixente e segundo a vixente Relación de Postos de Traballo do Concello de Vigo (apartado Primeiro de la Resolución)
- Informe favorable da Administración de orixe co compromiso de autorización da comisión de servizos do empregado/a público.
- Currículum vitae que conteña relación individualizada de méritos, formación e traxectoria profesional que se alegan.
- Declaración responsable de non ter sido separado mediante expediente disciplinario do servizo de calquera das Administracións Públicas ou dos órganos constitucionais o estatutarios das Comunidades Autónomas, nin atoparse en inhabilitación absoluta ou especial para empregos ou cargos públicos por resolución xudicial, para o acceso ao corpo ou escala correspondente.
- Declaración responsable de posuír a capacidade funcional para o desempeño das tarefas propias do posto de traballo.
- Documentación acreditativa e relación numerada dos méritos, formación e traxectoria profesional.

Pode verificar a integridade deste documento no seguinte enderezo:
<https://sede.depo.gal>
Código seguro de verificación: AMI29YW6C2YEOU9H



Xoves, 11 de maio de 2023

Núm. 90

Transcorrido o prazo de presentación de solicitudes, non se admitirá documentación nin xustificación dos requisitos ou dos méritos.

* Os/as empregados públicos ao servizo do Concello de Vigo non terán que presentar a documentación que estea en poder do Concello (artigo 53 da Lei 39/2015).

CUARTO.- Unha vez recibidas e verificadas as solicitudes serán remitidas á Área de Igualdade e Normalización a fin de que no prazo establecido se emita informe motivado e proposta de elección da persoa participante, indicando os fundamentos que xustifiquen a elección a favor do/da candidato/a respecto aos demais participantes, todo en base a criterios obxectivos e de idoneidade, antigüidade, nivel de coñecemento do posto, experiencia e formación relacionados co posto.

No suposto de empate acudirase ao criterio de antigüidade na Administración, salvo que exista desequilibrio ou infrarrepresentación do sexo feminino. Entendéndose, para estes efectos, cando no corpo, escala, grupo ou categoría exista unha diferenza porcentual de, polo menos, vinte puntos entre o número de mulleres e o número de homes. No suposto de infrarrepresentación será este o criterio de desempate.

Os cursos sobre linguaxe non sexista, prevención do acoso, sobre igualdade e corresponsabilidade e violencia de xénero recoñecidos polas administracións públicas, serán tidos en conta de forma transversal nos méritos de formación.

QUINTO.- A resolución da comisión de servizos quedará condicionada á remisión pola Administración de orixe de informe favorable. Unha vez recibido o informe e resolta a convocatoria, a toma de posesión do/da candidato/a idóneo/a deberá producirse no prazo de tres días, desde a notificación do acordo no suposto de que a comisión non implique cambio de residencia do/da funcionario/a; si implica cambio de residencia, o prazo será de oito días.

SEXTO.- A duración da comisión de servizos será a necesaria para cubrir durante o período transitorio que transcorra ata a convocatoria da provisión definitiva do posto vacante, “Xefe/a Normalización Lingüística”, segundo o informe de calendarización de execución da convocatoria dos postos de traballo dos subgrupos A1 e A2. (expte. 1690-110) e cronograma de data 23/11/22 (expte. 41118-220) na que necesariamente consta incluído o posto; todo en base á inaprazable e urxente necesidade motivada de conformidade cos informes da Área solicitante e incorporados ao expediente; e en todo caso coa duración máxima de 1 ano prorrogable por outro nos termos do marco normativo de aplicación.

SÉTIMO.- Dispoñer que se proceda á súa provisión definitiva polos procedementos legalmente establecidos, mediante a correspondente convocatoria polo sistema que resulte procedente.

OITAVO.- Ordenar a publicación no Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra, dispoñendo a súa inserción na Intranet Municipal, web do Concello de Vigo e Taboleiro de anuncios e edictos.

Coa advertencia de que contra a resolución, e de conformidade co previsto nos artigos 123 e 124 da Lei 39/2015, de 1 de outubro do Procedemento Administrativo, se poderá interpoñer



Xoves, 11 de maio de 2023

Núm. 90

recurso de reposición ante o mesmo órgano que a ditou no prazo dun 1 mes a contar dende o día seguinte ao da publicación, ou ben, directamente recurso contencioso-administrativo ante os Xulgados do Contencioso-Administrativo de Vigo no prazo de 2 meses, nos supostos, términos e condicións do disposto nos artigos 8, 25 e 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa. Si se interpuxo o primeiro, non poderá interpoñerse recurso contencioso-administrativo ata que se resolva expresamente ou se produza a desestimación presunta do recurso de reposición interposto.

MDG/pc

Vigo, na data de sinatura electrónica

A Xefa de Recursos Humanos e Formación.- María Dapena Gómez.

A Concelleira delegada da Área de Seguridade, Contratación e Xestión Municipal (delegacións competenciais por Decreto da Alcaldía do 16/04/2021, acordo da Xunta de Goberno Local de data 22/04/2021, Resolución da Alcaldía do 06/09/2022 e acordo da Xunta de Goberno Local de data 08/09/2022).- Patricia Rodríguez Calviño

